

CASTELO DE PAMBRE

É o mellor exemplo de arquitectura militar medieval de Galicia. Construído por Gonzalo Ozores de Ulloa cara o ano 1375, sobre un escarpado penedo, as beiras do río Pambre que exerce de defensa natural.

O castelo é de planta cadrada, cercado por unha muralla de planta irregular. Os muros son de cachotaría e sillería de granito.

O edificio central fórmase a torre, de planta cadrada, flanqueada por outras catro de menor tamaño, tamén cadradas, e comunicadas entre si por unha muralla.

No centro, sitúase a torre da homenaxe que ten planta cadrada, e tres plantas. A primeira é cega; a segunda elevase uns cinco metros do chan, na

terceira planta hai unha ventá grande de arcos oxivais. todas as torres están almenadas debuxando puntas ou triángulos.

Accédesese ó patio interior por un portalón adintelado practicado na muralla.

No interior consérvase un hórreo ao lado da capela de San Pedro, construída a finais do século XII.

O Castelo de Pambre foi un mito dentro da lucha irmandina contra a nobreza da época.

Localizado en Pambre (Palas de Rei, Lugo) foi a única fortaleza que resistiu á revolta irmandina de 1467.

IGREXA SAN SALVADOR DE VILAR DE DONAS



A igrexa de Vilar de Donas é un dos exemplos máis importantes do románico galego no Camiño de Santiago. A igrexa, data de principios de século XII, declarada monumento histórico-artístico en 1931, formou parte dun monasterio fundado a mediados do s.XII pertencente á Orde de Santiago.

Ten planta de cruz latina, con nave principal cuberta con armadura de madeira e cruceiro rectangular con bóveda de crucería, conta con tres absidas abovedadas. A portada é de arco abocinado de medio punto, con catro arquivoltas sobre columnas con capiteles profusamente decorados.

No seu interior, ademais das pinturas góticas da ábsida central, compre ollar o baldaquino, góticu tamén, que se atopa no brazo esquierdo do cruceiro.

Destacan varios sepulcros dos cabaleiros da Orde de Santiago con armas de

diversas familias. A urna sepulcral situase enriba de dous leóns que agochan un porco bravo na cabeceira.

Destacan sobre todo, os frescos que cobren, como un retablo, os muros da ábsida central; pinturas góticas de finais s.XIV-comenzos do s.XV. Na parte baixa está Cristo Varón de Dores entre os reis Xoán II e María de Aragón e o seu fillo Henrique; o nivel central está ocupado por unha Anunciación, con María e o arcánxel San Gabriel, flanqueando unha ventá que ilumina o altar. A parte superior corresponde á bóveda da ábsida, cun simbolismo que alude á bóveda celeste, e onde se presenta a Cristo como Xristo. Estas pinturas góticas realizaronse para o Ano Santo Compostelán de 1434.